

BARROCO

OBRA: TRANSVERVERACIÓN OU ÉXTASE DE SANTA TAREIXA

AUTOR: GIAN LORENZO BERNINI


ESTILO: Barroco

CRONOLOXÍA: 1645-1652

COMITENTE: Cardeal Federico Cornaro

LOCALIZACIÓN: Santa Maria della Vittoria (Roma)

MATERIAL: Mármore



ANÁLISE E COMENTARIO

Bernini foi un dos maiores xenios da Arte universal. Detacou na súa época como escultor, arquitecto, pintor, escritor e deseñador de escenarios. Polifacético artística, foi considerado como o Miguel Anxo do Barroco. Bernini consideraba a escultura como a súa verdadeira vocación, a pesares de destacar nas demais facetas artísticas. Fondo crente católico, estivo moi relacionado co Papado (traballou sobre todo para Urbano VIII) e cos xesuítas. Tamén traballou para cardenais, nobres e monarcas como Luis XVI. Fillo dun escultor, aprendeu o oficio no taller de seu pai, pero tamén a base de investigar e experimentar. Dese modo, Bernini estudou as obras de Miguel Anxo e tamén as esculturas helenísticas conservadas nas coleccións dos Papas –Laocoonte e torso de Belvedere-. Da escultura antiga aprendeu a tratar as anatomías dun xeito moi realista e a traballar distintos tipos de composicións. Así, nas súas primeiras obras existe un gusto polo clásico, polo antigo, que despois iría evolucionando, introducindo novos materiais combinados, aumentando o movemento e a violencia expresiva das súas figuras, representando accións nun determinado instante, captando momentos fugaces e interesándose pola teatralidade, de tal xeito que sería considerado como o máximo representante da estética barroca.

O seu estilo converteríase no modelo a seguir durante todo o S.XVII, caracterizándose polo dramatismo, a plasmación das emocións intensas, o gusto por captar un instante de tempo, o movemento, o realismo, e o detallismo á hora de representar a anatomía, os rostros, a pel e as roupaxes. Bernini foi un artista de tanto éxito que tivo que organizar un gran obradoiro ao seu cargo, proporcionando as ideas principais das súas obras, que os seus axudantes se ocupaban de esculpir en gran parte, como ocurría con moitos dos grandes artistas do Barroco. Bernini traballou fundamentalmente temas relixiosos, pero tamén nos deixou obras mitolóxicas, retratos e monumentos funerarios. Dominaba tan ben o traballo do

mármore, o seu material preferido, que conseguiu grandes calidades texturais, esculpindo a pedra cun efecto moi parecido ao da carne, o tecido ou a vexetación. Bernini buscaba efectos case pictóricos, usando a luz e as texturas. En Bernini sempre se advirte unha forte tendencia por dirixir a mirada do espectador, facendo moverse por percorridos planificados que dean un punto de vista concreto e querido polo autor onde todas as cualidades plásticas da obra son as máis axeitadas. Semellante técnica tamén é a que utiliza nas súas actuacións urbanísticas, como na praza de San Pedro do Vaticano. A obra artística pénsase e realízase en función de quen a contempla, alonxándose do carácter autónomo da escultura do Renacemento. Controla e dirixe a luz que fai desaparecer as fronteiras entre as distintas artes para xerar o ambiente xa citado. Non lle dá importancia central na obra, e prefire unha luz suave e cenital que busca efectos pictóricos nas súas esculturas salpicándoas de claroscuros.

En Roma tivo como mecenas ao cardeal Scipione Borghese e, máis tarde, ao Papa Urbano VIII, quen lle encargou distintos traballos no Vaticano, como o seu célebre baldaquino e a Praza de San Pedro. Ao longo da súa longa e rica vida artística, deixou nos obras mestras como *San Lourenzo*, *O rapto de Proserpina*, *David*, *San Lonxinos*, *Apolo e Dafne*, a *tumba de Urbano VIII* ou *A transverberación de Santa Tareixa*.

Este conxunto escultórico concebíuse para situarse no lugar que o cardeal Cornaro elixira para o seu enterramento na igrexa carmelita de Santa María della Vittoria (Roma). A obra forma parte dunha gran escenografía. A familia Cornaro, representada en dous palcos, un a cada lado, asiste asombrada á miragre, como se estivese nun teatro. Vemos como protagonistas desta obra a dúas figuras de vulto redondo, feitas en mármore. A española Santa Tareixa de Xesús aparece fondamente turbada ante un dos seus episodios místicos, no que un anxo traspassa o seu corazón cun dardo de lume. A Santa reflicte no seu rostro o trance, mestura de dor e felicidade, levitando sobre un banco de nubes, mentres que os seus membros colgan desmaiados, e as roupaxes préganse e móvense. O anxo está representado no momento de lanzar o dardo de amor divino. Bernini consegue outra vez captar o instante, plasmando en mármore o que Santa Tareixa explicara nos seus escritos. Este era un dos temas preferidos polo Barroco e pola Contrarreforma, que utilizaba o poder da imaxe para lograr unha maior relación entre a relixión e o crente-espectador. Aprézase un claro contraste entre ámbalas dúas figuras do grupo. Así, Santa Tareixa transmite unha sensación de intenso movemento, coas roupaxes dramáticas, a base de grandes pregues, mentres que as mans e os pés caen como desfalecidos. Esas pregues da roupa producen unha espectacular plasticidade a base de luces e sombras, que se combina coa iluminación celestial realizada en bronce dourado. Destaca o rostro da Santa, moi expresivo e atormentado, cos ollos pechados e a boca entreaberta, reflectindo a éxtase interna, o que tamén queda plasmado na postura inestable e forzada da mística española.

En contraste coa Santa, vemos como a fina túnica do anxo parece flamear. A figura presenta un rostro sorrinte, cheo de vida e alegría, case máis un Cupido pícaro a piques de lanzar o dardo. A obra provoca unha sensación de gran movemento. Iso conséguese cunha composición en aspa, cunha diagonal que vai desde o rostro da Santa ata a parte inferior esquerda das nubes, e outra diagonal desde a cabeza do anxo ata o pé de Santa Tareixa. O dinamismo tamén está reforzado pola sensación de inestabilidade, coas figuras suspendidas no aire, e coas roupaxes axitadas, moi típicas do Barroco, buscando o contraste lumínico máis que representar as anatomías.

Este conxunto preside a capela, pero nos seus muros laterais Bernini abriu dous palcos desde os cales os membros da familia Cornaro podían contemplar asombrados a miragre. Deste xeito, as dúas figuras intégranse e fúndense co espectador real, que resulta impresionado por esta obra impresionante. O magnífico grupo escultórico por si só non causaría o impacto que ocasiona ao participar da extraordinaria escenografía da capela. Nesta, a cor das mármore, as pinturas e o dourado dos metais acentúan a riqueza cromática. Trátase dunha obra que foi pensada para integrarse no interior dun edificio, combinando arquitectura, escultura e pintura, creándose un espectacular escenario que sorprende ao espectador. Esta fusión das distintas artes xa fora utilizada por Bernini no seu baldaquino. Vemos a concepción teatral do Barroco, cun grupo a modo de escenario. Na bóveda superior pintouse un ceo que se abre e amosa anxos, mentres que a cada lado da Capela esculpíronse unha serie de fieis que contemplan o grupo. Os xogos lumínicos lógranse mediante filtros, como o mencionado trampantollo cenital, onde unha corte de querubíns acompañan ao Espírito Santo.

CONCLUSIÓN

Trátase dunha das obras mestras do alto Barroco, pola súa concepción escenográfica e a emoción que logra transmitir, á vez desde o punto de vista propagandístico da nova relixión contrarreformista. Rompe coa tradicional separación das artes, utilizando e misturando distintas técnicas (pintura, escultura, arquitectura, iluminación) co obxectivo de crear un verdadeiro ambiente onde mergullar ao fiel como se se tratase dun teatro convertendo á igrexa nun escenario do miragroso e sobrenatural. Esta obra de Bernini ten un gran sentido teatral, polo escenario onde se atopa, con esas figuras que parecen flotar sobre as nubes. O efectismo da escena está conseguido por ese grupo de nubes e sobre todo pola iluminación, unha potente luz vertical, procedente dunha ventá oculta, que potencia os contrastes, incidindo sobre o bronce e a mármore, aumentando a sensación de que as dúas figuras están suspendidas no aire. A luz natural aparece acompañada por unha decoración en forma de luz celestial, un conxunto de raios dourados de bronce, que santifica a escena. Finalmente, esta obra demostra o virtuosismo técnico de Bernini, que valéndose do mármore obtén distintas calidades e texturas, como os das roupaxes, grosas teas ou finas, a carne con delicadas peles, as nubes vaporosas e ingravidas, etc. A propia elección do tema e o momento representados son moi significativos. O éxtase e outros estados de tensión son frecuentes na súa obra, onde busca representar o momento de máxima tensión onde os conflitos atópanse en plena efervescencia. Esta instantaneidade permítelle forzar ao máximo a expresividade e dotar as súas esculturas dunhas emocións levadas ao límite.